

## ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

CELEBRADA O DÍA 25 DE MAIO DE 2017

Sras./Sres. Asistentes:

### ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

### CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M<sup>a</sup> ABALO PÉREZ

D. TOMÁS FOLE DÍAZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M<sup>a</sup> GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. MIGEL ALVES LAGO

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

### SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 25 de maio de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 27 de abril de 2017.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes abril de 2017.
3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
4. Ratificación, se procede, da memoria de actividades deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2016.
5. Adhesión, se procede, á Central de Contratación da FEMP, a fin de poder contratar nas condicións que se fixen nos contratos ou acordo marco entre a devandita Central e as empresas adjudicatarias.
6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE de creación dun punto de encontro en Vilagarcía de Arousa.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PP para instalación dunha pista multideportiva en Vilaxoán, co consenso dos veciños.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PP de melloras e posta a punto da gardería municipal da Lomba e do seu entorno. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
9. Comparecencia da Concelleira de Urbanismo, Dona Paola María Mochales, en virtude do acordo plenario adoptado o 27 de abril de 2017.
10. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
11. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
12. Rogos e preguntas.
13. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27 DE ABRIL DE 2017..-** Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de data 27 de abril de 2017.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170525&punto=1>

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE ABRIL DE 2017:** Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

**RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE ABRIL 2017:**

<b>Nº</b>	<b>DESCRICIÓN</b>
11	Desestimación alegacións en expediente sancionador de tráfico
11	Sobresemento das actuacións en expediente sancionador de tráfico
14	Imposición de sanción en expediente sancionador de tráfico
4	Iniciación de oficio expedientes sancionadores de tráfico
4	Concesión de legalización de obras
3	Concesión de legalización de rótulos
9	Concesión de licenza de canalización
1	Concesión de licenza para entrada de carruaxes
23	Aceptación comunicación previa obras
6	concesión de licenza de obra maior
1	Concesión de prórroga para remate de obras
1	Concesión de licenza para instalación de toldo
1	Dar conformidade a proxecto de execución construción de vivenda unifamiliar
1	Concesión exepcionalidade apartado normas de habitabilidade para rehabilitación de edificio
1	Concesión de licenza para segregación de finca
3	Concesión de licenza para acometida e conesión ás redes de auga e/ou saneamento
1	Denegación ocupación de vía pública con mesas e cadeiras
2	Concesión de licenza para instalación de terraza en establecemento hostalería
1	Concesión de licenza para instalación de mamparas pregables
1	Aceptación plan de implantación e despliegue de fibra optica
1	Concesión de desestimento comunicación de apertura de establecemento
1	concesión de renuncia a comunicación para apertura de establecemento
9	Aceptación de comunicación previa para inicio e desenvolvemento de actividade
1	Designación Interventora accidental
1	Designación Secretario Xeral accidental
4	Concesión de gratificación especial por substitución e traballo de categoría superior
2	Nomeamento funcionario/a interino/a
1	Desestimación de reclamacións presentadas e recursos de alzada prazas Policía Local
1	Bases convocatoria para selección de xefe/a da Brigada de Prevención e Defensa contra incendios forestais
1	Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
1	Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en xornada nocturna
1	Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por servizos en domingo
1	Aprobación de Bases reguladoras das probas para selección dun posto de Xestor do Programa Temporal "Vilagarcía Avanza"
1	Adscrición meses de xullo e agosto para os conserxes dos Colexios Públicos
1	Imposición de sanción de apercibimento por ausencia do posto de traballo non xustificada de Policía Local
1	Aprobación de gasto Plan de Pensións do mes de marzo de 2017
1	Non concesión prórroga para presentación de informe-ditame seguridade elementos exteriores do inmovible
1	Estimación de recurso de reposición e retrotraer actuación expediente de reposición da legalidade urbanística
1	Desestimación de alegacións e orde concesión prazo para axustar obras realizadas á licenza concedida
1	Desestimación de recurso de reposición e requirir para presentación de informe-ditame seguridade elementos exteriores do inmovible

- 1 Orde concesión prazo para solicitude de licenza municipal para legalización de obras
- 2 Declaración de caducidade de expediente e requirimento a propietario actual presentación de informe-ditame seguridade elementos exteriores do inmovible.
- 5 Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 2 Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 1 Concesión de prazo para presentación de informe-ditame de seguridade muro
- 1 Aprobación de apertura tramite información pública modificación puntual PXOM
- 1 Declaración de clausura o peche de actividade
- 1 Autorización celebración de actuacións ao aire libre
- 3 Requirit a letrado para exercitar accións para a reparación de quebranto patrimonial inflixido
- 2 Orde representación e defensa dos intereses do Concello exercida por letrado en procedemento xudicial
- 1 Denegación autorización para instalación de circo en terreos privados
- 3 Aprobación de gasto por publicación de anuncio no DOG ou BOP
- 1 Aprobación Plan de seguridade e saude obras
- 3 Orde de pago de facturas
- 2 Concesión de fraccionamento de débeda
- 1 Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos
- 4 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 7 Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria

**TOTAL: 172**

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170525&punto=2>

### **3. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figura presentada unha solicitude de participación por parte de Dona Ana Olveira Blanco.

A seguir polo Sr. Alcalde alérase a Orde do Día do Pleno, pasando a continuación a tratar o punto nº 11 da mesma:

**11.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.** En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos

incluídos na Orde do Día, e antes de pasar o turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, propoñéndose dúas mocións de urxencia:

- **Moción urxente presentada polo Grupo Municipal de Somos Maioría pola loita contra a endometriose e a adenomiose.**

- **Moción urxente presentada polo grupo municipal de EU en relación á detección e tratamento da endometriose.**

- Intervén a Sra. Mosquera Leal xustificando a urxencia da moción.

A seguir sométense a votación as declaracións de urxencia das Mocións presentadas polos Grupos Municipais de EU e Somos Maioría dando o seguinte o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de todos/as concelleiros presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: A declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU en relación á detección e tratamento da endometriose, así como a moción presentada polo grupo municipal de Somos Maioría pola loita contra a endometriose e a adenomiose.

### **MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL SOMOS MAIORÍA**

Gaspar Antonio González Somoza, concelleiro e voceiro do Grupo Municipal de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG), ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de maio de 2017, a seguinte moción con carácter de urxencia:

#### **MOCIÓN POLA LOITA CONTRA A ENDOMETRIOSE E A ADENOMIOSE**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En 1987, no Vº Encontro Internacional sobre saúde da muller, un 28 de maio, un grupo de mulleres activistas lanzou o Día Internacional de Acción pola Saúde das Mulleres, co obxecto de denunciar os problemas que afectan a saúde sexual e reprodutiva das mulleres e nenas en todo o mundo.

A endometriose e a adenomiose son enfermidades relacionadas coa saúde sexual e reprodutiva das mulleres pois, aínda que lle afectan á súa calidade de vida en moitos aspectos, fano maioritariamente no eido sexual (dismenorrea e dispareunia) e reprodutivo (causan infertilidade de non tratárense a tempo).

A endometriose pode cualificarse como epidemia oculta. Trátase dun tumor benigno dependente de hormonas que lle afecta a arredor de unha de cada dez mulleres en idade fértil (o 15% delas en formas graves). Esta cifra aumenta ata o 40-50% das mulleres con problemas de fertilidade, o que supón que en Galiza haxa unhas 60.000 mulleres con endometriose, das cales unhas 9.000 teñen formas moi avanzadas da doenza.

É unha patoloxía que afecta múltiples sistemas do corpo, non só o reprodutor, senón dixestivo, urinario e que, principalmente, altera o sistema inmunolóxico. Causa cunha inflamación crónica.

Esta enfermidade defínese pola presenza, implantación e crecemento de tecido similar ao endometrial fóra do útero e as localizacións máis frecuentemente afectadas son o peritoneo pélvico e os ovarios pero, tamén, o intestino e a vexiga. En casos excepcionais pode afectar o cerebro, a pel ou os pulmóns e malignizar. Un subtipo é a adenomiose, onde o tumor crece dentro do útero.

Un dos problemas ao que se enfrontan as mulleres que padecen endometriose é o atraso diagnóstico, que se cifra ao redor dos 9 anos desde o inicio dos síntomas, encadrado nunha visión de normalización do sufrimento da muller vinculado á menstruación e ás súas capacidades reprodutivas. Este é un claro exemplo da falta de perspectiva de xénero na ciencia, o medicamento e a saúde, así como a escaseza de investigación sobre enfermidades de mulleres.

A enfermidade pode afectar a calquera nena, muller ou persoa que teña a menstruación e calcúlase a prevalencia en, polo menos, unha de cada dez delas. É de destacar que se atopou en fetos de ambos sexos.

A pesar da súa importante incidencia, a enfermidade segue “no armario”, invisibilizada tanto pola sociedade como polas autoridades científicas, sanitarias e a comunidade médica, debido aos prexuízos contra a menstruación, a dor e a sexualidade femininas.

Esa naturalización da dor da muller relacionada coa menstruación e o reprodutivo tamén tivo historicamente o seu correlato no ámbito da investigación, onde non se destinaron os fondos, recursos e esforzos que corresponderían a unha patoloxía coa extensión epidemiolóxica e de carga de enfermidade e menoscabo da calidade de vida que supón a endometriose na nosa sociedade (aféctalle aproximadamente ao 5% da poboación). Non se coñecen as súas causas aínda que a hipótese ambiental (disruptores endocrinos e xenoestróxenos) e xenética despuntan nos últimos anos como as máis probables.

Os aspectos máis preocupantes da epidemia de endometriose-adenomiose son:

- A súa cronicidade e enorme alteración da calidade de vida das mulleres que a padecen, dado que se manifesta con dor ligada á menstruación (dismenorrea) pero que pode ocorrer en calquera fase do ciclo menstrual (dispareunia e dor pélvica ou lumbar crónica) e en case calquera órgano do corpo.

- A falta de ferramentas diagnósticas non cirúrxicas, pois a única alternativa é unha operación por laparoscopia que non garante a eliminación do tumor.

- A ausencia de medicación ou terapia curativa, xa que a única opción á cirurxía é a menopausa farmacolóxica.

- A súa relación coa infertilidade ou subfertilidade: tanto en fases precoces como avanzadas, así como con ou sen distorsión da anatomía pélvica normal, a endometriose asóciase con dificultades para a concepción.

O 22 de abril do ano 2015, o Parlamento de Galicia acordou por unanimidade instar á Xunta a dar solución aos problemas das mulleres con endometriose no noso país, acordo aínda por desenvolver.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) proponlle ao Pleno da Corporación Municipal con motivo do Día de Acción pola Saúde das Mulleres o seguinte

#### ACORDO

1. Facer un chamamento público á implicación de todas as administracións e da sociedade no seu conxunto na mellora e a detección e tratamento da endometriose.

2. Facer un chamamento público a que as administracións fagan as campañas de información e educación menstrual e sexual necesarias na sociedade, especialmente entre as nenas e mozas, que permitan desmontar os mitos que dificultan a detección temperá desta enfermidade, impulsando unha campaña informativa no Concello de Vilagarcía ao longo do ano 2017.

3. Nas mencionadas campañas, lanzar a mensaxe, baseada na evidencia científica, de que nin na menstruación nin no coito vaginal ha de estar presente a dor en mulleres sas e evitar que se lles dea ás mulleres informacións pseudocientíficas como que o embarazo é unha alternativa terapéutica.

4. Trasladar ao Ministerio de Sanidade e á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia que se realicen estudos epidemiolóxicos para coñecer o alcance exacto da enfermidade.

5. Trasladar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia que se analice o impacto desta enfermidade e se establezan as necesarias medidas de protección sociolaboral e ambiental fronte aos determinantes sociais e ambientais da enfermidade.

6. Instar ao Sergas a estudar a creación dunha unidade multidisciplinar de referencia sobre a endometriose e consultas específicas nos hospitais galegos.

7. Facer un chamamento público a todas as administracións e institucións para que se preste o debido apoio ás asociacións de afectadas por endometriose e adenomiose, como “Querendo, mulleres con endometriose”.

Asdo.: Gaspar Antonio González Somoza

En Vilagarcía de Arousa, a 23 de maio de 2017

## **MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DE EU**

D. Jesús López Rodríguez, en representación do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía, presenta a seguinte MOCIÓN, surxida da INICIATIVA VECIÑAL POR UNHA MAREA NA VILA no Concello de VILAGARCÍA e apoiada polas organizacións feministas O Solo de Lilith e XTodas en relación á detección e tratamento da endometriose.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En 1987, no Vº Encontro Internacional sobre saúde da muller, un 28 de maio, un grupo de mulleres activistas lanzou o Día Internacional de Acción pola Saúde das Mulleres, co obxecto de denunciar os problemas que afectan a saúde sexual e reprodutiva das mulleres e nenas en todo o mundo.

A endometriose e a adenomiose son enfermidades relacionadas coa saúde sexual e reprodutiva das mulleres pois, aínda que lle afectan á súa calidade de vida en moitos aspectos, fano maioritariamente no eido sexual (dismenorrea e dispareunia) e reprodutivo (causan infertilidade de non tratárense a tempo).

A endometriose pode cualificarse como epidemia oculta. Trátase dun tumor benigno dependente de hormonas que lle afecta a arredor de unha de cada dez mulleres en idade fértil (o 15% delas en formas graves). Esta cifra aumenta ata o 40-50% das mulleres con problemas de fertilidade, o que supón que en Galiza haxa unhas 60.000 mulleres con endometriose, das cales unhas 9.000 teñen formas moi avanzadas da doenza.

É unha patoloxía que afecta múltiples sistemas do corpo, non só o reprodutor, senón dixestivo, urinario e que, principalmente, altera o sistema inmunolóxico. Causa cunha inflamación crónica.

Esta enfermidade defínese pola presenza, implantación e crecemento de tecido similar ao endometrial fóra do útero e as localizacións máis frecuentemente afectadas son o peritoneo pélvico e os ovarios pero, tamén, o intestino e a vexiga. En casos excepcionais pode afectar o cerebro, a pel ou os pulmóns e malignizar. Un subtipo é a adenomiose, onde o tumor crece dentro do útero.

Un dos problemas ao que se enfrontan as mulleres que padecen endometriose é o atraso diagnóstico, que se cifra ao redor dos 9 anos desde o inicio dos síntomas, encadrado nunha visión de normalización do sufrimento da muller vinculado á menstruación e ás súas capacidades reprodutivas. Este é un claro exemplo da falta de perspectiva de xénero na ciencia, o medicamento e a saúde, así como a escaseza de investigación sobre enfermidades de mulleres.

A enfermidade pode afectar a calquera nena, muller ou persoa que teña a menstruación e calcúlase a prevalencia en, polo menos, unha de cada dez delas. É de destacar que se atopou en fetos de ambos sexos.

A pesar da súa importante incidencia, a enfermidade segue “no armario”, invisibilizada tanto pola sociedade como polas autoridades científicas, sanitarias e a comunidade médica, debido aos prexuízos contra a menstruación, a dor e a sexualidade femininas.

Esa naturalización da dor da muller relacionada coa menstruación e o reprodutivo tamén tivo historicamente o seu correlato no ámbito da investigación, onde non se destinaron os fondos, recursos e esforzos que corresponderían a unha patoloxía coa extensión epidemiolóxica e de carga de enfermidade e menoscabo da calidade de vida que supón a endometriose na nosa sociedade (aféctalle aproximadamente ao 5% da poboación). Non se coñecen as súas causas aínda que a hipótese ambiental (disruptores endocrinos e xenoestróxenos) e xenética despuntan nos últimos anos como as máis probables.

Os aspectos máis preocupantes da epidemia de endometriose-adenomiose son:

- A súa cronicidade e enorme alteración da calidade de vida das mulleres que a padecen, dado que se manifesta con dor ligada á menstruación (dismenorrea) pero que pode ocorrer en calquera fase do ciclo menstrual (dispareunia e dor pélvica ou lumbar crónica) e en case calquera órgano do corpo.
- A falta de ferramentas diagnósticas non cirúrxicas, pois a única alternativa é unha operación por laparoscopia que non garante a eliminación do tumor.
- A ausencia de medicación ou terapia curativa, xa que a única opción á cirurxía é a menopausa farmacolóxica.
- A súa relación coa infertilidade ou subfertilidade: tanto en fases precoces como avanzadas, así como con ou sen distorsión da anatomía pélvica normal, a endometriose asóciase con dificultades para a concepción.

O 22 de abril do ano 2015, o Parlamento de Galicia acordou por unanimidade instar á Xunta a dar solución aos problemas das mulleres con endometriose no noso país, acordo aínda por desenvolver.

Polo exposto, o Pleno do Concello de Vilagarcía, acorda, con motivo do Día de Acción pola Saúde das Mulleres:

1. Facer un chamamento público á implicación de todas as administracións e da sociedade no seu conxunto na mellora e a detección e tratamento da endometriose.
2. Facer un chamamento público a que as administracións fagan as campañas de información e educación menstrual e sexual necesarias na sociedade, especialmente entre as nenas e mozas, que permitan desmontar os mitos que dificultan a detección temperá desta enfermidade, impulsando unha campaña informativa no Concello de Vilagarcía ao longo do ano 2017.
3. Nas mencionadas campañas, lanzar a mensaxe, baseada na evidencia científica, de que nin na menstruación nin no coito vaginal ha de estar presente a dor en mulleres sas e evitar que se lles dea ás mulleres informacións pseudocientíficas como que o embarazo é unha alternativa terapéutica.
4. Trasladar ao Ministerio de Sanidade e á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia que se realicen estudos epidemiolóxicos para coñecer o alcance exacto da enfermidade.
5. Trasladar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia que se analice o impacto desta enfermidade e se establezan as necesarias medidas de protección sociolaboral e ambiental fronte aos determinantes sociais e ambientais da enfermidade.
6. Instar ao Sergas a estudar a creación dunha unidade multidisciplinar de referencia sobre a endometriose e consultas específicas nos hospitais galegos.
7. Facer un chamamento público a todas as administracións e institucións para que se preste o debido apoio ás asociacións de afectadas por endometriose e adenomiose, como “Querendo, mulleres con endometriose”.

En Vilagarcía a 23 de maio de 2017

Realízase o debate conxunto das dúas mocións, procedendo á súa votación por separado.

**- Intervén Dona Ana Olveira, en representación da Asociación O Soño de Lilith en relación con ambas mocións.**

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170525&punto=3>

**- Sendo as 17:20 horas auséntase da sesión o Sr. Alves Lago**

A seguir sométese a votación as mocións presentadas polos grupos municipais de EU e Somos Maioría, dando o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de todos/as concelleiros presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar as mocións presentadas polos grupos municipais de EU e Somos Maioría e acorda, con motivo do Día de Acción pola Saúde das Mulleres:

1. Facer un chamamento público á implicación de todas as administracións e da sociedade no seu conxunto na mellora e a detección e tratamento da endometriose.
2. Facer un chamamento público a que as administracións fagan as campañas de información e educación menstrual e sexual necesarias na sociedade, especialmente entre as nenas e mozas, que permitan desmontar os mitos que dificultan a detección temperá desta enfermidade, impulsando unha campaña informativa no Concello de Vilagarcía ao longo do ano 2017.
3. Nas mencionadas campañas, lanzar a mensaxe, baseada na evidencia científica, de que nin na menstruación nin no coito vaginal ha de estar presente a dor en mulleres sas e evitar que se lles dea ás mulleres informacións pseudocientíficas como que o embarazo é unha alternativa terapéutica.

4. Trasladar ao Ministerio de Sanidade e á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia que se realicen estudos epidemiolóxicos para coñecer o alcance exacto da enfermidade.
5. Trasladar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia que se analice o impacto desta enfermidade e se establezan as necesarias medidas de protección sociolaboral e ambiental fronte aos determinantes sociais e ambientais da enfermidade.
6. Instar ao Sergas a estudar a creación dunha unidade multidisciplinar de referencia sobre a endometriose e consultas específicas nos hospitais galegos.
7. Facer un chamamento público a todas as administracións e institucións para que se preste o debido apoio ás asociacións de afectadas por endometriose e adenomiose, como “Querendo, mulleres con endometriose”.

- Regresa á sesión o Sr. Alves Lago.

**4. RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS POLA FPSDM DURANTE O ANO 2016.:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do acordo do Consello Reitor da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, de data 6 de abril de 2017 do seguinte teor:

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS DURANTE O ANO 2016.**

Polo Sr. Director Deportivo fai un breve resumo do contido da memoria de actividades realizadas durante o ano 2016 e indica que no expediente están todas as actividades que se realizaron ao longo do ano 2016, desglosadas nos seguintes apartados:

- 1°.- Actividades para Nenos/as:
  - 1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade:
    - 1.1.1.- Curso 2015/16
    - 1.1.2.- Curso 2016/17
  - 1.2.- Escola Multideportiva:
    - 1.2.1.- curso 2015/16
    - 1.2.2.- Curso 2016/17
  - 1.3.- Escola Deportiva de Base:
    - 1.3.1.- Curso 2015/16
    - 1.3.2.- Curso 2016/17
- 2.- Actividades Físico Recreativas para Adultos:
  - 2.1.- 2º Curso de Actividades para Adultos 2015/16:
    - 2.1.1.- 2º Curso de Ximnasia de Mantemento
    - 2.1.2.- 2º Curso de Ximnasia Acuática
    - 2.1.3.- 2º Curso de Aeróbic
    - 2.1.4.- 2º Curso de Badminton
    - 2.1.5.- 2º Curso de TaiChi
    - 2.1.6.- 2º Curso de loga
    - 2.1.7.- 2º Curso de Pilates
    - 2.1.8.- 2º Curso de ximnasia Funcional
  - 2.2.- 3º Curso de Actividades para Adultos 2015/16:
    - 2.2.1.- 3º Curso de Ximnasia de Mantemento
    - 2.2.2.- 3º Curso de Ximnasia Acuática
    - 2.2.3.- 3º Curso de Aeróbic
    - 2.2.4.- 3º Curso de Badminton
    - 2.2.5.- 3º Curso de TaiChi
    - 2.2.6.- 3º Curso de loga
    - 2.2.7.- 3º Curso de Pilates
    - 2.2.8.- 3º Curso de Ximnasia Funcional



- 2.3.- 1º Curso de Actividades para Adultos 2015/16:
  - 2.3.1.- 1º Curso de Ximnasia de Mantemento
  - 2.3.2.- 1º Curso de Ximnasia Acuática
  - 2.3.3.- 1º Curso de Aeróbic
  - 2.3.4.- 1º Curso de Badminton
  - 2.3.5.- 1º Curso de TaiChi
  - 2.3.6.- 1º Curso de Ioga
  - 2.3.7.- 1º Curso de Pilates.
  - 2.3.8.- 1º Curso de Ximnasia Funcional
  - 2.3.9.- 1º Curso de Circuito Training

3.-Actividades Deportivas de Verán 2016:

- 3.1.- Escola Multideportiva de Verán
- 3.2.- Actividades Físico Deportivas.
- 3.3.-Competicións Deportivas:
  - 3.3.1.- XX Torneo de Fútbol Praia.
  - 3.3.2.- XIV Torneo de Tenis de Verán
  - 3.3.3.- XIII Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía
  - 3.3.4.- XXIV Memorial Adolfo Pedrido Morla
- 3.4.- Vilagarcía A Mares:
  - 3.4.1.- LIII Travesía A Nado do Porto De Vilaxoán.
  - 3.4.2.- XXXIV Travesía a Nado do Porto de Vilagarcía.
  - 3.4.3.- XXII Bandeira Concello de Vilagarcía de Traiñas”
- 4.- Outros eventos deportivos.

Prodúcese un pequeno debate e unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade, acorda aprobar a Memoria de Actividades realizadas durante o ano 2016 e remitila ao Pleno-Concello, para a súa ratificación, se procede.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a ratificación da Memoria de Actividades Deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2016.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170525&punto=4>

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

**ACÓRDASE:** Aprobar a ratificación da Memoria de Actividades Deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2016.

**5. ADHESIÓN, SE PROCEDE, Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP, A FIN DE PODER CONTRATAR NAS CONDICIÓN QUE SE FIXEN NOS CONTRATOS OU ACORDO MARCO ENTRE A DEVANDITA CENTRAL E AS EMPRESAS ADXUDICATARIAS.:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

Visto o informe da Secretaria e Intervención onde se pon de manifesto o beneficioso que pode resultar a adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa á Central de Contratación da FEMP, posto que elo implicaría poder optar á sinatura dos contratos que sexan adxudicados por dita Central cando estes resulten de interese e en todo caso ter acceso a toda a documentación integrante dos diversos procesos de licitación como son os pregos de prescricións técnicas sobre materias que en ocasións revisten de enorme complexidade.

Tendo en conta o disposto no artigo 205 do TRLCSP e sendo de interese para esta Entidade a utilización da Central de Contratación da FEMP propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO: Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministros que ofrece a citada Central, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO. Remitir o presente acordo á Federación Española de Municipios e Provincias aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Facultar ao Sr. Alcalde para que en nome e representación desta entidade proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo, e por elo a adhesión aos distintos acordos marco de contratación que a central de contratación da FEMP saque a licitación e sexan de interese para este Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da adhesión do Concello á Central de Contratación da FEMP, a fin de poder contratar nas condicións que se fixen nos contratos ou acordo marco entre a devandita Central e as Empresas adxudicatarias.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170525&punto=5>

Dáse conta da emenda presentada polo grupo municipal do PP, seguinte:

“O Goberno Local con carácter previo á contratación do servizo someterá á ratificación do Pleno as propostas de adhesión.

- O Sr. Alcalde indica que unicamente os que son obxecto da competencia plenaria estaría a favor.

- O Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte emenda: “deberá terse en conta o fomento do emprego a nivel local e compromiso coas empresas locais.

- Polo Sr. Alcalde expónse que a emenda presentada polo grupo municipal do PP non se acepta.

- Polo Sr. Alcalde expónse que a emenda presentada polo grupo municipal do BNG acéptase.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde, coa emenda do grupo municipal do BNG, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministros que oferte a citada Central, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO: Remitir o presente acordo á Federación Española de Municipios e Provincias aos efectos oportunos.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde para que en nome e representación desta Entidade proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo, e por elo a adhesión aos distintos acordos marco de contratación que a central de contratación da FEMP saque a licitación e sexan de interese para este Concello.

CUARTO: Na presente adhesión a Central de Contratación da FEMP deberá terse en conta o fomento do emprego a nivel local e o compromiso coas empresas locais.

## **6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE DE CREACIÓN DUN PUNTO DE ENCONTRO EN VILAGARCÍA DE AROUSA.:**

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PSG-PSOE coa data de 16 de maio de 2017, do seguinte teor:

**MOCIÓN: CREACIÓN DUN PUNTO DE ENCONTRO EN VILAGARCÍA DE AROUSA**

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dende o ano 2001 creouse unha rede de Puntos de Encontro nas sete principais cidades galegas, dependentes da Xunta de Galicia, co fin de garantir a existencia dun lugar axeitado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e dos menores de familias en situacións de conflito. Este servizo converteuse nun recurso imprescindible para a nosa sociedade e vén incrementando a súa demanda de maneira exponencial.

Os Puntos de Encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral e especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de interrupción da convivencia familiar o exercicio do dereito de visitas resulte difícil ou conflitivo.

A intervención do Punto de Encontro pode darse de dúas formas, mediante as entregas e recollidas do menor a través do mesmo, ou servindo de espazo para que se leve a cabo a visita do menor co seu pai ou nai.

O punto de encontro é un recurso social fundamental que debe atoparse nunha contorna segura e accesible. Actualmente as familias de Vilagarcía de Arousa que precisan deste servizo teñen que acudir ao Punto de Encontro de Pontevedra, coa dificultade que supón para moitas familias, moitas delas con dificultades económicas, os desprazamentos a Pontevedra. Ademais, o Punto de Encontro de Pontevedra adoce de falta de persoal e medios para dar cobertura a toda a poboación de referencia deste servizo.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno da Corporación os seguintes ACORDOS:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia á creación dun Punto de Encontro en Vilagarcía de Arousa.
- 2.- Dar traslado deste acordo aos portavoces dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 16 de maio de 2017  
Asdo. A Portavoz do Grupo Municipal Socialista

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do grupo municipal do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE de creación dun punto de encontro en Vilagarcía de Arousa.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170525&punto=6>

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE e:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia á creación dun Punto de Encontro en Vilagarcía de Arousa.
- 2.- Dar traslado deste acordo aos portavoces dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

**7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA INSTALACIÓN DUNHA PISTA MULTIDEPORTIVA EN VILAXOÁN, CO CONSENSO DOS VECIÑOS.:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP coa data de 16 de maio de 2017, do teor literal seguinte:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 25 de maio de 2017 a seguinte MOCIÓN:

“Instalación dunha pista multideportiva en Vilaxoán, co consenso dos veciños”

EXPOÑEN

O pasado 23 de setembro de 2016, este grupo municipal manifestou públicamente algunhas das peticións dos veciños de Vilaxoán, recollidas nunha xeira de xuntanzas realizadas ata esa data. Entre elas, unha das máis demandadas foi a petición dunha pista multideportiva. A raíz da controversia xurdida pola xestión do goberno local nos Duráns, onde os veciños que viven diante do tercer paterre compareceron no pleno para evidenciar a súa disconformidade, parece evidente que as ideas e proxectos teñen que ter o respaldo da cidadanía.

Por iso, coincidindo en que as pistas multideportivas poden ser un reclamo para a práctica e o fomento do deporte en todas as idades, unha mellora no lugar no que se instalen, e tendo en conta que existen emprazamentos axeitados onde existen veciños que respaldan esta iniciativa, propónse que se consensúe con eles cal é o mellor lugar para a dotación deste novo espazo.

Parece evidente que os veciños que teñan que pronunciar a última palabra terán que ser aqueles que residan nas inmediacións máis próximas á ubicación proposta.

Cabe recordar que “veciñanza” e “asociación de veciños” non son sinónimos, dado que é habitual que os afectados non pertencen aos colectivos e por tanto, existindo métodos eficaces de

comunicación ós implicados/afectados (tal e como quedou evidenciado no reparto porta por porta de propaganda para “vender” as vantaxes da pista do Duráns), terán que ser eles os que decidan.

Ademais, dado que o custe é máis que asumible para as arcas do Concello, e enarbolando a bandeira do diálogo e a participación cidadá, que non parecen contar co protagonismo esperado, por todo o exposto, este grupo municipal

SOLICITA

- Que se dote a Vilaxoán dunha pista multideportiva para a práctica de deporte en diferentes idades.
- Que se consulte, explique e consensúe cos veciños de Vilaxoán a instalación dunha pista multideportiva na zona.
- Que sexan os veciños desa zona os que decidan a ubicación que queren e que se lle aporte toda a información precisa sobre esta instalación.

Grupo municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo municipal do PP para instalación dunha pista multideportiva en Vilaxoán, co consenso dos veciños.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170525&punto=7>

- O Grupo Municipal do PSG-PSOE presenta as seguinte emenda de adición:

- 1) (engadir)... en canto sexa posible e exista dotación orzamentaria.
- 2) (engadir) Que se consulte coa AAVV de Vilaxoán.

- O Sr. Fole Díaz di que aceptan a emenda presentada.

Sometido a votación a moción coa emenda presentada polo Grupo Municipal do PSG-PSOE da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (7), EU (2), BNG (2) e Somos Maioría (1), e unha abstención do membro pertencente ao grupo político municipal de EU Sr. Alves Lago,

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PP e:

- Que se dote a Vilaxoán dunha pista multideportiva para a práctica de deporte en diferentes idades en canto sexa posible e haxa dotación orzamentaria.
- Que se consulte, explique e consensúe coa AA VV de Vilaxoán e cos veciños de Vilaxoán a instalación dunha pista multideportiva na zona.
- Que sexan os veciños desa zona os que decidan a ubicación que queren e que se lle aporte toda a información precisa sobre esta instalación.

**8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE MELLORAS E POSTA A PUNTO DA GARDERÍA MUNICIPAL DA LOMBA E DO SEU**

**ENTORNO:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP coa data de 16 de maio de 2017, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 25 de maio de 2017 a seguinte MOCIÓN:

“Melloras e posta a punto da gardería municipal da Lomba e o seu entorno”

EXPOÑEN

Que a imaxe que presenta a escola infantil municipal da Lomba, e a realidade na que os nosos nenos asisten ás clases en idades temperás é sustancialmente mellorable. Levamos meses denunciando o estado de abandono por parte do Concello dunha das instalacións municipais máis importantes, sen que o goberno local faga caso nin tome as decisións pertinentes para arranxar este problema.

Se nos fose pola labor encomiable dos profesionais que imparten as clases, o certo é que o servizo sería deficiente, xa que as instalacións adolecen de múltiples arranxos e inversións económicas, tanto no interior das dependencias, como na zona exterior do patio e na rúa de acceso principal á mesma.

Máis dun ano levan as tubarías de desagüe parcheadas con cinta aislante para asombro e bochorno dos que pasan por diante da gardería. Máis tempo aínda levan as pintadas da fachada principal do edificio sen que se desde o goberno se lle dea unha man de pintura. Semanas levan algúns dos xogos do parque do patio rotos e sen poder ser utilizados polos nenos.

A isto hai que engadir que cando chove hai goteiras no interior das aulas, que hai respiradeiros rotos desde hai meses e que fan falla melloras infraestruturais e de mobiliario que son claras, evidentes e necesarias.

Non é de recibo que pola predisposición do profesorado por superar as deficiencias do edificio desde o goberno, agora que sobran os recursos económicos, se lles castigue ós profesionais e ós nenos coa desidia e a negación de financiación.

No entorno da propia escola infantil, e por extensión dos centros anexos, é preciso repoñer o firme de asfalto, arranxar os buracos existentes, mellorar as beirarrúas, ampliar e mellorar as prazas de aparcamento e de paso instalar paneis informativos que indique o nome da rúa e a existencia de centros escolares.

Por todo o exposto, este grupo municipal  
SOLICITA

- Que o goberno local asuma a inmediata e necesaria posta a punto e a realización de melloras na escola infantil da Lomba, tanto dentro do edificio, como na zona exterior do patio, como no exterior da vía pública que da acceso á mesma.
- Que se mellore a imaxe exterior da mesma e se repoñan os elementos que agora mesmo están rotos e inutilizables.
- Que se actúe na reposición do firme da estrada e nas beirarrúas, así como que se instalen paneis informativos nos accesos do centro.

Grupo municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo municipal do PP de melloras e posta a punto da gardería municipal da Lomba e do seu entorno.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170525&punto=8>

**- Sendo as 18:40 horas auséntase da sesión o Sr. Alves Lago.**

**- Sendo as 18:45 horas regresa á sesión o Sr. Alves Lago.**

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (7), EU (2), BNG (2) e Somos Maioría (1), e unha abstención do membro pertencente ao grupo político municipal de EU Sr. Alves Lago

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PP e:

- Asumir a inmediata e necesaria posta a punto e a realización de melloras na escola infantil da Lomba, tanto dentro do edificio, como na zona exterior do patio, como no exterior da vía pública que da acceso á mesma.
- Mellorar a imaxe exterior da mesma e se repoñan os elementos que agora mesmo están rotos e inutilizables.
- Actuar na reposición do firme da estrada e nas beirarrúas, así como que se instalen paneis informativos nos accesos do centro.

## **9. COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO, DONA PAOLA MARÍA MOCHALES, EN VIRTUDE DO ACORDO PLENARIO ADOPTADO O 27 DE ABRIL DE 2017.:**

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal de Esquerda Unida, de solicitude de comparecencia da Concelleira de Urbanismo Dona Paola María Mochales, e do acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 27 de abril de 2017 de aprobación da citada moción e da inclusión da devandita comparecencia na Orde do Día da próxima sesión plenaria que se celebra o día 25 de maio de 2017, ao abeiro do disposto no Artigo 19 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello.

A Comisión queda sabedora.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170525&punto=9>

## **10.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170525&punto=10>

**12.- ROGOS E PREGUNTAS.** Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170525&punto=12>

**13.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.**

Por parte do público asistente formúlanse rogos e preguntas.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170525&punto=13>

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:40 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.